



CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: venres 27 de maio de 2022

Hora: 20:00

Lugar: SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

- l. Borrador da sesión ordinaria celebrada o 29 de abril de 2022.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGUIMENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS

2. Proposta da Alcaldía relativa á Estimación solicitude de D. Andrés Eirís Barca, en representación de VIRAXES SL, presentada o 09/05/2022 con NRE 202299900000670. EXPEDIENTE Nº 2017/C004/000004.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

3. Proposta da Alcaldía relativa á Modificación do Anexo de Subvencións do orzamento do ano 2022. EXPEDIENTE Nº 2022/T002/000018.
4. Proposta da Alcaldía relativa á Aprobación da Modificación Plan Estratéxico de Subvencións 2022. EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000018.



B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

5. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:

Da Nº 381/2022 do 22 de abril á Nº 457/2022 do 20 de maio.

No seguinte enlace de WeTransfer terán acceso os decretos da alcaldía:

6. Mocións de urxencia.

7. Rogos e preguntas.

SEGUNDO

Se informa, aos efectos oportunos, que de conformidade co artigo 16.3 do ROF: *Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han de servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.*

TERCEIRO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano Colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

CUARTO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.